



Organizada pola Asociación Galega de Actividades Náuticas en colaboración co Concello de Ferrol e a Cámara de Comercio de Ferrol

FERROL ACOLLE A XORNADA "TURISMO NÁUTICO E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE"

Mañá martes 18 de decembro de 2007 terá lugar a II Xornada Técnica "Turismo Náutico e Desenvolvemento Sostible", unha xornada na que expertos españois, franceses e portugueses, entre outros, analizarán a situación do Turismo Náutico en Galicia e no Espazo Atlántico.

Asímesmo presentarán diferentes proxectos que se están levando a cabo como a instalación de Bases Náuticas en Galicia que pretenden acadar a democratización dos deportes náuticos entre a poboación galega, a Rede Galega de Estacións Náuticas, entre outros proxectos de sensibilización e concienciación.

D. Amable Dopico, Presidente da Autoridade Portuaria, Presentación de O Futuro Porto Deportivo de Ferrol

Tamén terá lugar unha mesa redonda na que se debaterá o futuro do sector Náutico No Espazo Atlántico e as grandes oportunidades que supón para Galicia desenrolar un Turismo Sostible.

Data: 18 de decembro de 2007

Horario: 9:30 a 19:45

Lugar: Recinto Ferial FIMO- Ferrol (Punta Arnela- A Malata)

Inauguración: 10:00 a cargo de **D. Vicente Irisarri**, alcalde de Ferrol, **D. Francisco Cruz**, Presidente do Consello Galego de Cámaras de Comercio e **D. Francisco Quiroga**, Presidente Asociación Galega de Actividades Náuticas.

Clausura: 19:15 **D. Luis Barcia**, Delegado de Innovación e Industria da Deputación da Coruña, **D. Jacinto Parga**, Presidente de Portos de Galicia, **D. Francisco Cruz** e **D. Francisco Quiroga**.